

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DA IRMANDADE DA FALA NA GALIZA E NAS  
COLONIAS GALEGAS D'AMÉRICA E PORTUGAL

ANO MCMXX

Precio, 3 real.



## SUMARIO

Os primeiros Xogos Florais laiso-galaicos, JOSÉ CERVAENS y RODRÍGUEZ — Portugal na península. PINA DE MORAIS — Somos tristes, VICTORIANO TAIBO. — Unidade da Pátria, IGNACIO RODRÍGUEZ. — Nós. — Irlanda. — Superstición, LUIS AMADO CARRALLO. — Mentras o tempo voa. FRANCISCO ABELAIRA — Novos loureiros de Castelao. — O caso de Cristobalón. — Cal. e canto. — Os Andalucistas e Irlanda. — Peneirando. — Libros e revistas.

PREZOS DE SUSCRIZÓN. — NA CRUÑA, 6 mes 40 cts.; Fora, trimestre 1'50 ptas. — AMÉRICA, trimestre, 2 ptas. — Custe d'un número, 15 cts. — Pagos adiantados.

Redacción e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA.

# O DIPUTADO POR VEIRAMAR

NOVELA DE GONZALO LOPEZ ABENTE

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego, está posta a venda nas principais librerías de Galicia.

**Precio, 3 réas.**

VÉNDESE:

NA CRUÑA, Administración «A NOSA TERRA», e IRMANDADE DA FALA.—FERROL, Librerías de Comadira e de Gerardo Castro.

# J. SOUZA

SUCESOR DE LAFUENTE

MUCURSAL DO DEPÓSITO HIDROGRÁFICO

PAPELERÍA E LIBRERÍA

Ouxetos d'esquirltorio, Dibuxo e Pintura, Postres, Aparatos de ciencias, Artigos de colro, Ouxetos pra regalos, Fotografo, Tricomía e Catromía, Osteoloxía, Anatomía, Geoloxía, Historia natural, Grabado,

Cantón Pequeno, 13. A CRUÑA

# M. VILLUENDAS

IMPRENTA

IMPRÉNTANSE TODA CRAS DE TRABALLOS FINOS.  
**BETANZOS (CRUÑA)**

## EFFECTOS NAVALES

— DE —

FERRER Y COMPAÑÍA—SUCESORES

**F. BERTRAN E MIRAMBELL**

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

## Gran H. Universal

Rua da Raina (da Rainha) 21-LUGO

O MAIS NOVO E MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm 116) e de coche da casa pra todol-os trens

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

## Leutores:

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa

Rúa do Circo, 16—VIGO

## LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubino, 22 (Elaos)

## FARMACIA EUROPEA

— DE —

**LOPEZ ABENTE**

— REAL, 55 —

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da súa crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego o derradeiros adiantos.

## Hotel Continental


Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**

A CRUÑA



# LLOYD REAL HOLANDES

AMSTERDAN

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Servicio rápido por vapores-correios desde a Cruña e Vigo cada tres semanas.

Línea d'América do Sur

Vapor correo rápido «LIMBURGIA»  
Id. id. id. «BRABANTIA»  
Id. id. id. «GELRIA»

Línea de Cuba-México e Nova Orleans

Vapor correo rápido «HOLLANDIA»  
Id. id. id. «FRISIA»  
Id. id. id. «ZEELANDIA»

Admiten pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.  
As razas teñen que solicitáranse con anticipación)

Informará sobre precio de pasaxe e cabida

D. Raimundo Molina e Couceiro,—Consinatario na Cruña e Vigo.

# A NOSA TERRA

BOLETÍN DECENAL

ANO IV—NÚMEROS 131-32—5 NADAL-1920

## A NOSA IRMÁ PORTUGAL

### Os primeiros Xogos Florais luso-galaicos

Unha carta moi interesante do Profesor Cervens y Rodriguez.

O Porto, = Antas, 885,

Ilustres Redactores d'A NOSA TERRA e queridos cofrades.

Saúdo-vos com o mais carinhoso amôr pelo muito que tendes feito pela *Nobre Galiza*, a laboriosa e dolente, que o mesmo sol aquece e colora, que o mesmo largo mar abraça e enamora, que o mesmo som que embala e atormenta con os mesmos sonhos e a mesma crispagao do infinito que nós fillos de Portugal acalentamos, almas gêmeas das vossas, do mesmo ceu e do mesmo mar.

Solidarios do noso destino conscios e ciosos uns e outros dos nosos direitos, dando fraternalmente as maos, abragamo-vos mais do que bons vizinhos, como bons irmaos, e queremos trazer-vos ao noso banquete espiritual, â missa solene que vamos entoar, â comunhao afectiva das nossas intelectualidades, promovendo-vos uma homenagem amorosa ás vossas letras, ás vossas figuras eminentes nas Artes e Ciências, nas Letras e na Erudigao.

Para isso pretendemos efectuar no Porto, a quando do Congresso Científico Hispano-Portugués nesta capital—Maio ou Junho—os primeiros

#### Jogos Florais Luso-Galaicos

que serao o primeiro paso para uma completa aproximacao da Terra de Rosalia, a terna rola; de Curros, o divino; de Carvajal, o Homero da regio; de Murguía, o Historiador; de Pondal, o Patriarca; de Carré y Aldao, o poeta e prosador distincto; de Vaamonde, o erudito; e de tantos e tantos outros que citar sería ofender pelas luanas que devian ficar; e da terra de Portugal onde

partificam Junqueiro, o Príncipe; Pascoais, saodaista; Julio Brandao, o buriladore filigranador do verso; Eugenio de Castro, o mestre do ritmo; Correia d'Oliveira, o lirico amoroso; e a vaste falange de vates que enobrecem as letras portuguesas.

IRMANDADES DA FALA, a vós acudo, para que toqueis a tuba senora e chameis á lide os bardos da ridente Galiza, para que venhan coroar a regio no Altar que o Porto, a cidade invicta e laboriosa lhe vai levantar. Dizei aos fillos da vossa nobre terra que os irmaos da mesma raga queren-se conhecer e melhor se unirem, no campo intelectual, e que os fructos saborosos que se hao de producir na realisagao desse certamen, o futuro os abengoarâ. Dizeilhes que quem assim vos incita, embora um ruído e anónimo, ja padeceu por causa dos fillos da doce *Galicia*, a prisiao horrorosa, o julgamento abordo de navios de guerra, protestando, lá por 1890, contra as injustigas que as autoridades dentao, no Porto, praticavam nos probes galegos, e a quem un Consul desnaturado abandonava aos vaivens da sorte.

Sofreu e amou-vos.

Ama-vos ainda e quer practicar a mais doce e a mais nobre e a mais bela das obras que o homem póde sonhar: Aproximar vos para os Destinos Futuros e enaltecer a raga do saudosismo luso-galaico.

Abragando-vos carinhosamente, espero que seja ouvida a voz deste voso irmao.

JOSÉ CERVAENS Y RODRIGUEZ.

\* \* \*

Ista formosa carta, échenos de ledicia e danos azos para seguirmos traballando sen desalentos até chegar á

mais completa xuntanza c'os intelectuaes i-artistas da gloriosa Portugal. Esta obra de transcendencia que inda non soubo facer ningún e que os nacionalistas galegos encetamos, terá de sel-a nosa cruzada mais rexa. Por cima dos erros históricos obra da política de Castela, vai a nosa ansia ardente de que seiamos uns co'a Lusitania inda que isto nos poña de costas aos domiñadores do centro. Que somentes poderemos leval-a nosa cultura racial, afirmamento da personalidade da Galizia, á solidaridá universalista, arredándonos do espirito castelao para ter axiña a nosa Aljubarrota triunfal no campo das artes, as ciencias i-a literatura.

Como os catalans, e'os seus Xogos Froracs conquiriron a amizade da Provenza, conquiramos nós do mesmo xeito a da naçón portuguesa, cuia independencia, según temos afirmado na primeira Asambleia da naçón Galega feita en Lugo, considerámola como a nosa propia independencia.

¡Pensadores, literatos i-artistas da nosa Terra, é de moita importancia concurrir aos Xogos Froracs do Porto, a inviata cidade lusitana! ¡Seipamos todos cumprir e' o noso deber! ¡Por dignida e por patriotismo!

E pol-a sua parte os nazonalistas galegos xa teñen pensado faceren a III Asambleia, en Tuy, coincidindo con aqués Xogos Froracs, por considerar dita cidade da beira do Miño, río que nasce e morre en Galizia e beixa além dos séculos terra portuguesa com'o Perpignán ten sido para os fillos de Cataluña, os nobres amigos de sempre.

Nosco levaremos por bandeira a tremelar ao vento, o grande poeta da Raza galega, Ramón Cabanillas. E ali o saudosismo de Teixeira Pascoaes o grande vale representativo, e as ansias do illustre Lopes Vieira tecerán co' as nosas a tea espiritual do estandarte simbolizador do común futuro luso-galaico. Eis a grande obra.

#### ECOS PANGALEGUISTAS

### PORTUGAL NA PENINSULA

#### Galiza - Catalunha - Portugal

Parece que a propáganda dos aliados, fez acordar em todos os povos a sua consciencia colectiva. O exemplo que se veñ verificando sobre todo no oriente de que rotas as ligagoes politicas que obrigavam a uma atitude moral instavel e rotas essas ligagoes as raças marcham na procura do equilibrio natural, mostrando que havia e ha muitas patrias provisórias-tal exemplo dize-mos fructifica num desejo de alcangar a verdade politica, dinamisando duma forma nova os seus elementos organicos, renascendo as tradigoes e assim reconstituindo a sua fé em novos destinos. E assim as forças mentaes atingem um poder excepcional entre todas as outras, na direcção da *resultante*, que num sistema de conjunto, como na geometria, pode ter o objectivo dum povo. E assim, nota-se uma violenta individualisagaõ feita a custa de sentimentos, de passado, de factos historicos, de características etnicas. As diferenciagoes apagadas

na vida tranquila de muitas décadas, parece que querem aparecer cheias dum culto fervoroso, dum desejo sagrado, á vista de quem as pondera—fiadas na inunidade que lhes dá o seu direito. A guerra parece ter sido uma pergunta aos povos: — Que querem? E eles respondem, tem respondido nao é verdade?

Quantas vezes tem acontecido dentro destes dois anos, as verdades rias elaboradas rapidamente no seio das raças—irromperem como surpresas arremediaveis—nas assembleas de governantes e plenipotenciarios conspicuamente firmados no *estato quo ante* das suas educagoes e dos seus interesses. O modo de conhecer um povo afigura-se nos hoje tao difficil, que os arquivos diplomaticos devem ser um magnifico *dossier de blagues* e de ironias encantadoras,

Achamos que se devem pôr de parte os sistemas ainda hoje seguidos e que herdaram a Tayllerand. As heranças do «Imperio» ja nao servem para hoje, nem as diplomaticas, nem as militares. Vinha isto á conta de querermos dizer que é bom repararmos no que se passa a nossa roda. O separatismo Catalao e o Pangaleguismo sao hoje dois movimentos importantes. Temos presentes livros, jornaes, revistas, que na propria lingua das suas patrias fa'em a propáganda dos seus desejos, mostrando a justiza das suas opinioes. O que nos faz mais admirar estes movimentos—é sobre tudo uma nobreza grande nas responsabilidades e um ar de comovedor proselitismo. E claro que Portugal aparece a cada passo—e honra lhes seja!—fóra de todo o iberismo: tórpe em Vicente Gay e romanesco em Nido e Segalevera. Aparece Portugal tomado no grau que merece, do povo mais forte da Península, Senhor dos seus Destinos, e procurado por eles como apoio, vendo em nós, o *fiel* do entreochoque das suas doutrinas.

«Em Portugal e em Catalunha é onde buscamos fraternidade», diz Vilar Pontes.

«Em Lisboa e Galiza está o problema catalao», traduzo de Cambó. Estas publicagoes sao cheias de inteligencia superior, tendo nas suas columnas as mentalidades maiores das provincias a que me refiro, cunhadas por uma renovagaõ intelectual que nao abrange as outras provincias de Hespanha. Mas nao se pense que todas estas manifestagoes sao dum platonismo comodo, nao. Verifica-se a existencia de centros organizados em prol dos seus objectivos, as conferencias por toda a parte sucedem-se, redigem memoriaes as academias de ciencias (o que é dirigido á nosa é um documento importante), promovem a tradugaõ dos nossos autores, representam as nossas peças e de vez en cuando surge o heroismo do ataque cortante sobre Castela, propoem-se adoptar a nosa ortografia e a creagaõ de Institutos de Estudos galego-cataloes.

portuguezes. Por todas estas intengoes enumeradas a esmo se reconhecera a importancia do que venho informando.

Para acabar contarei um detalhe minuscuro, como polo oposto da generalidade com que encarei o problema. Conversava num café sobre este assunto com o ilustre pensador Leonardo Coimbra, que nas duas provincias a que me refiro gosa da alta fama a que tem direito, e como procurassemos numa revista galega certo artigo e nao encontrassemos, o creado que nos servia, com o aspecto de quem faz uma pratica de magonaria olhando aos lados desconfiado, sacou da algibeira um outro numero da revista, isto com todo o coidado como se fosse um papel de chancelaria e mostrou-nos o artigo em questao. Como as ideias alastram e vao e se enraizam e o café passa a ser servido mais depressa por estarmos no segredo.

PINA DE MORAIS.

(De «O Primeiro de Janeiro» no Porto)

Con ferreñas e pandeiro.

## SOMOS TRISTES!

A Galiza é triste! Os galegos somos tristes!

Os desertores das nosas letras esporejaron esta nova por todol-os cantos onde falan castelá.

No journal e no libro dixeron a unha, n'un berro rachadore: Somos tristes!

A tristura é como os andacios. E os comentadores da nosa vida sintiron encol da sua ialma a faterria acerante de total-as nosas penas, e como un eco doroso saltaron: Son tristes!!

O laio esvaído da nosa tristura casique chegou a tan longe como o balbardo da ledicia andaluza.

A noticia do descubrimento rolou polo mundo adiante: e farta ja de dare voltas, tornou ao punto de onde sahira — como é d'adoito en moitas cousas que veltejan.

E unha voz amiga, apoulinada nas brétemas do noso eco, falou-nos magoadá: Sodes tristes!!!

Calou o ruje-ruje do pandeiro; a muiñeira finou-se acorada no fol da gaita, queda nas canelas rejas dos seus tecedores; as almas sulagaron-se nas augas gurgullantes da melancolia; chorou o ceo; laiaron-se as árbores; foi mais dorido o rular dos pombos; e a laberca enmudeceu: Todo mergullou na tristura, na dore, na mais moura soedade.

No val e na montaña, no souto e na veiga, nas vilas e cidades, por cumes e chanzadas, só s'escoitou iste dito pungente e feridor: Somos tristes!!!!

Daquela total-as nosas cousas, que ian tan ben, se nos reviraron. Deica a gaita, que rira de cote, se murchou de tal geito, que ja ninguén soubo si ri ou chora. Oh dore!

Eu ja sei que hai ho-nes insensibéis, de corazón choído,

que se non queren decataren da transcendencia xurdidamente maravillosa d'istes outos problemas galegos.

— Iso non val farrapo de gaita.

Non val farrapo de gaita tel-a gaita feita un farrapo! A gaita! Canta derruba! Canto desleigamento!

Iso do saudasismo, atlantismo, fala, cultura, arte... qué son sinon pa'avras focas, valelras, pasatempos injelos?

O que lle compre a Galiza é chegar a sabere s'é ou non é triste, si a gaita ri ou chora.

Eis ahí o problema!

Un journal de Madri, en cuanto baije o papel, fai mentres d'abrire unha *encuest* para averigual-o de vez.

Atentos ás nosas custios, queren coñecer-nos par, resolve! as con acerto. Fan ben.

Galegos!: si levades na ialma un só nisco de lei a vosa opinión bulraros.

Mas, ouvido o consello. Eu, que estou ao allo, sei ben o que vai pasare.

Porque si sahimos ledos, que farán de nos? Regalarnos un pandeiro con ferreñas de prata, ou unha gaita c'un bombo d'honore.

E si sahimos tristes? Daquela chorará todo Madri, toda Castela, toda Hespaña. E ao Governo lle non vai a quedare mais remedlo que suprimir-nos *per secula seculorum*.

Ollade porque camiño nos imos a achare c'o noso primeiro problema agro-pecuario resolto.

Que ninguén de xe de dare a sua parecerre.

Eu estou vos en que somos tristes.

VICTORIANO TAIBO.

Tópicos centralistas

## Unidade da Pátre

Vou decir algunhas verbas sin xandreira sobor do lugar común que vai anteposto a istas liñas.

Si todos cantos patrioteiramente as caben a miúdo na parola ou no xornal, non fosen probes imbeciles, dinos de ser nomeados «miñas xoyas», habia pra-es-achar a gregalladas cada vez que se ouzan.

¡Unidade da Pátre!

¿Qu'entenderán por unidade, é que saben eles de Pátre? Confundir o significado de «xunto» co de «xunguido» é proba indubitabel d'ilotéz.

Unidade faina-o amor. N'ela teña que ser fautores integraes, o reconecemento da persoalida dos axuntados: uns mesmos dereitos e unhas mesmas obrigas; vountade ceibe pra desxuntarse cando o vivir xuntos non teña comenencia.

Considerar d'outro xeito a unidade, e pola na categoria de sacramento, cousa que somentes e doada a Iresa.

En troques, o qu'eles chaman unidade, e xunguimento I-o xunguimento, é escravitude; asoballamento pol-a forza de toda elás de dreitos; imposizon de respeto a leises inxustas; caciquismo; carroña; morte.

¿Pidennos que non atentemos contra d'esta unidade? ¡Abofellas é pedir!

Seipan, que todol-os que nos temos por galegos con dinida, empregaremos os días da vida en traballar a

eito pra desfacela, e qu' si a nosa vida fôse curta pra conquerilo, temos de darlle ós fillos iste ensino, encarregándolles, que a seu debido tempo llo déan eles os que han de ser nosos netos.

Falando da Pátrea, abondaria que dixésemos que os sentimentos outos non ademiten dualidade. Mais esporiamonos a non ser entendidos.

Estóncias, pra qu'eso non pase, diremos que pra nos-outros gallegos e nada mais, somentes hai unha Pátrea. Galicia.

Nin queremos outra, nin-a adoutamos, nin-a ademitemos

Non comerciamos co-ela nin-a estafamos; somentes a veneramos e defendemos.

¿Que mais queren saber os centralistas?

Pra-os mercenarios d'unha Pátrea; pra ques teñen o culto á Pátrea sóbor do ombligo, despreceo e lástema.

Si conservan lembranza de cousas vellas pechen a boca; pro si as esquenceron, ollen a Histórea, e verán que entramentras as gorxas dos centralistas enronqueceron defendendo a sua «unidade Pátrea», xurdiron nas Américas Pátreas independentes.

No por vir, outros povos s'erguerán ceibes deixándos solos, é dimpois si que poden con razón, falar da Pátrea e da unidade.

IGNACIO RODRÍGUEZ.

Madrid 1.º do Sanmartiño do 1920

## “NÓS”

Así se denomina un boletín mensual da cultura galega, órgano da Sociedade Galega de publicacións «Nós», cuido primeiro número temos presente, e s'edita n'Ourens. Director do mesmo é Vicente Risco, o querido irmán e ilustre catedrático; Xerente, Arturo Noguerol o abogado cultísimo; Redactor-xefe, Xavier Prado (Lameiro) o dramaturgo e humorista tan loucado, e segredario da Redacción, o notabre xornalista Xulio Gallego. Se non tivesen abondado estes nomes para afirmarmos que o novo boletín ha de ser cousa transcendente, inda poderíamos dicer que nas listas de Redacción do colega seguran Cabanillas, Castelao, Losada Diéguez, Otero Pedrayo, Cuevillas, todos artistas e catedráticos de soa, que constituen xunto c'os colaboradores, o millore da intelectualidade galega, en cantas facianas abranguen o sentimento i-o pensamento da Nosa Terra na «hora novecentista».

O sumario do número de presentación non pode ser da maior interés. Veloeiquí: Primeiras verbas, Fala do sol, de Teixeira Pascoaes; O sentimento da Terra de Vicente Risco; Poetas de Galicia, de Phileas Lebesgue; Dos nosos tempos, de Florentino L. Cuevillas; O probrema do traballo en Galicia, de Arturo Noguerol; Archivo filolóxico e etnográfico de Galicia; Os homes, os feitos, as verbas: letras e artes galegas, libros, revistas, e fora do testo unha folha artística de Castelao, A roda de San Xoan.

Esta notabre leutura ven n'un formato ceitoso, sobre bó papel d'imprentación luxosa e moderna. Deica os anuncios son de confeición artística. E «Nós» con todo, somentes terá de custo, 6 pesetas ao ano, de se suscribere a éle. O número solto, resultará mercado nas librerías, a 60 céntimos.

«Nós» sen dúbida, compreta o labor de «A NOSA TERRA». Esta na Cruña e aquí n'Ourens, veñen sendo com'os eixos orredor dos que a nova Galicia terá de se concretare. Os módulos estruturaes da patria en renascenza, de xeito espontáneo ficarán representados por entramos boletís. O traballo do sentimento e do pensamento inteleitualizados atoparán seu desenvolro no núcleo d'Ourens. O dinamismo d'aquelas forzas galegas, feito acción, abalamento e balbordo de loita, han ter no adiante como até agora, conxugación viva no núcleo da capital da Terra. Abellas sugando o mel do enxebrismo, podería se lles chamare ós creadores de «Nós» obreiros que trocan a mel en cera i-a cera en fachos para alumear as arelas da raza en senso de culto vivo e latexante, ós irmánliños que fan «A NOSA TERRA». Especulación transcendente, d'unha banda; acción e pasión acesas, d'outra...

E fora d'isto na la; mais que aqués fautores de cultura intermediaria, m'liatiza li que non favorece ó castelao nen serve ó galego. Auga perdida pot-os agros, fervenzas d'escuma estoupantes, que, para que poidan trocarse en enerxía i-en lus, compre traguelas aos cantés do enxebrismo. Auga perdida coma a das cadoiras que fica sendo inútil para aplacil-la se le e in-la para se poder ollar n'ela con tranquia fidelidade.

Nengún galego que p'nsse e sinta, nengún galego que teña a estimanza de o sere, deixará de lér o notabre e moderno boletín «Nós».

Cheios de ledicia, ateigidos d'entusiasmo patriótica dámol-a boa nova da aparición da gran revista ourensana, aque compre apoiarmos todos. E' revista base da necesari i Sociedade Galega de publicacións.

A Redacción y-Administración de «Nós» está sita na rúa Padre Feixóo, 12-Ourens. Alí teñen de se dirixil-os pedidos.

Por non se poder tirar esta revista na mesma imprenta onde se viña facendo, durante o mes de Nadal non sairá ningún número d'ela. Pregamos aos suscritores nos perdonen esta nova falla e promctemos que dende o comenzo do ano normalizarase pra sempre a saída d'esta revista únioa en Galiza que loita con entusiasmo por erguer pra sempre a personalidade da nosa Patria.

## HISTORIA DOS MOVIMENTOS NACIONALISTAS

## IRLANDA

## Os fenianos.—Parnell.—A Land League.—O Home Rule.

Inglaterra coítaba que domeada a insurrección do 1848, quedaba Irlanda definitivamente vencida e aprastada.

Agiña puido darse conta de que a loita seguía.

No 1858 descubriuse o complot de Skibberen, urdido nunha sociedade secreta, a Phoenix Society, e organizado por James Stephens, que fuxiu a Norte América. Ao rematar a guerra de secesión dos Estados Unidos, na que loitaron moitos irlandeses, estes formaron, nas cidades americanas, sociedades de «fenianos», nome que tomaron do que levaba unha antiga milicia irlandesa. As sociedades fenianas eran segredas e traballaban pola independencia da Irlanda. Ao entrar nas sociedades fenianas, os novos facían este juramento:

*Juro ante Deus rechazar todo compromiso de fidelidade e sumisión a rainha da Inglaterra e facer uso de todas as miñas forzas no conqverimento d'unha República Independente na Irlanda.*

*Estou disposto a coller as armas e loitar á primeira indicación que me fagan.*

*Prometo completa obediencia nos meus mandatorios e un segredo eterno en todo o que se refire á nosa sociedade.*

Os fenianos rechazan os procedimentos legais. Eran antipalramentarios e revolucionarios. Non constituían nada novo na historia da Irlanda, na que a violencia dos domeñados tiñan feito frecuentemente a violencia dos domeadores. O fenianismo foi un movemento de desesperazon. Aquéles homes, patriotas ferventes e abnegados, véndose impotentes pra sacudir o xugo inglés, perseguidos e acorralados, lanzáron-se polo camiño do terrorismo e da vinganza, e non pararon nin ante o crime.

Stephens voltou a Inglaterra para propagar o fenianismo; foi encarcerado, pero fuxiu outra vez. Mentras tanto, medraba o número nas sociedades fenianas. En moitos puntos da Irlanda estalaron grandes revoltas e houbo moitos atentados persoales. A valentía e atrevimento dos fenianos era cada día maior. Desfixeron con dinamita a prisión de Clerkenwell, quixeron facerse donos do castelo de Munster e acometeron a policía en Manchester (1867).

Os autores d-este derradeiro golpe—Allen, Larkin, e O'Brien—subiron á forza; denantes da súa morte, serea e valente, dixeron ao trabal que os sentenciou estas erbas: *Ides mandarnos á presenza de Deus: Estímosvos privados para elo. Non os arrepentimos de nada, non rectificamos nada. Somente réstalos decír: GOD SAVE IRELAND!* (Deus salve a Irlanda)

Os fenianos conqueriron cos seus procedimentos o que se propuñan: aterrorizar aos ingleses e facerlles pagar con sangue as dores da probe Irlanda.

A represión terrible de que sufriron os fenianos non puido acabar cos atentados.

En vista d-esto, os gobernantes ingleses decidiron amainar a opresión en que vivían os irlandeses. Despois de ter aumentada a s-epresentación palramentaria da Irlanda pola reforma electoral do 1867, Gladstone fixo votar, no 1869 a lei de reparación da Igrexa e o Estado na illa, rematando así a iniquidad de obrigar a os irlandeses,

católicos na casi totalidade, a pagar os dezimas á igrexa protestante anglicana. No 1870 presentouse a primeira ley agraria, encamiñada a atemperar a injustiza enorme do reximen agrario na Irlanda.

Naquelas graves circunstancias apareceu Parnell. Cheo de enerxias, con todo o entusiasmo da mocidade púxose a traballar pola causal nazonal. Axudado polo feniano Michael Davitt e contando con diñeiro que lle mandaban os emigrados de América, Parnell fundou, na primavera do 1869, a *Land League* (Liga Agraria).

A Cámara dos Lores, no 1870, rechazou o *Compensation for Disturbance bill*, que contiña algunhas disposicións no favor dos labregos irlandeses. En vista do reto, a *Land League* ordenou a resistencia aos embargos. Os grupos de *Moonlighters* (homes da luz da lua), sucesores dos Whiteboys, semellaban o terrore por todas partes. Asociando o problema da derogación da *Union Act* co problema agrario, Parnell creou unha agitación formidabile. Ae mesmo tempo, os irlandeses, dirigidos por el, comenzaron a obstrución no palramento inglés.

No 1880 tendo conquerida un grande victoria o partido liberal nas eleccións legislativas, encarregouse Gladstone do poder. A agitación irlandesa seguiu.

O 6 de Maio do 1882 a sociedade secreta «Os invencibles» fixo asesinar en Dublin a Lord Cavendish e a Mr. Burke, nomeados segredario e vicesegredario do Virei da illa. Precisamente estes dous homes foran designados por Gladstone con objecto de comenar unha política mais liberal na Irlanda; e a súa justificada morte, que renovou o periodo do fenianismo, produxo un sentimento general de horrorre. Ao comezo creuse que de rechazo quedaba ferida mortalmente a causa irlandesa. Gladstone adoptou unha política de represión e fixo meter no cárcel a Parnell. Emporiso, estudiou a cuestión con espírito de justiza e chegou a convencerse de que as peticións dos irlandeses eran justas. E cando no 1886, dimpois d-un pouco tempo de Goberno conservadore, Gladstone volveu ao poder polo triunfo do seu partido nas eleccións, declarouse convertido á causa irlandesa e presentou (8 de Abril do 1886) seu *bill* do *Home Rule*.

O partido *tory* recibiu o proíento con hostilidade impracible. Unha boa parte do partido *whig*, do propio partido liberal d-rixido por Gladstone, declarouse tamén contrario á reforma.

Antre os liberaes enemigos do *bill*, había duas tendencias: unhas rechazaban de todo a ideia da Autonomía irlandesa; e outras, aínda estando dispostos nun comenzo a aceptaren o *Home Rule*, coítaban que o proíento, ao suprimire a representación irlandesa na Cámara dos Comuns, tomaba un geito moi radical. Por todo esto dividiuse o partido liberal, arredándose do mesmo homes de grande valer e prestígio, como John Bright, Chamberlain, lord Hartington, e o duque de Devonshire. Cando se votou o *bill* na segunda lectura, na Cámara dos Comuns, foi rechazado por 343 votos contra 313. Tiñan votado en contra 93 liberaes disidentes, Gladstone tuyo que deixar o poder.

Foi goberno novamente, no 1892. Fírme no seu propósito de atendere ás aspiracións irlandesas, Gladstone reproduxo o *bill* do *Home Rule*, con algúns trocos. Un d-cles consistía en deixar na Cámara dos Comuns unha representación irlandesa de 80 deputados. Este troco fixo que aceptasen o proíento algúns dos liberaes disidentes que no 1886 non quixeron aceptar-o; outros moitos ao fronte dos que estaba Chamberlain, estaban hostiles ao *Home Rule*. Con todo, o *bill* foi aprobado na Cámara dos Comuns por 301 votos contra 267. Mas a Cámara dos Lores rechazouno por 419 votos contra 41.

Mentras tanto, esta'aron no nazonalismo irlandés fun-

das divergencias. Moitos patriotas combatían a política de Parnell. Este complicado n-un escandaloso divorcio, viu mermar o seu prestixio e tuvo que deixar a dirección do partido nazonalista.

No 1891 morreu de repente, mozo aínda, pois contaba 45 anos. Según as verbas de Mac Carthy, a carreira de Parnell pode decirse que foi grande, pero arruinou-lla un triste errore.

Caido Gladstone, decepcionados e divididos os patriotas irlandeses, a causa da autonomía sufriu un forte atraso. Moitos chegaron a coidar que o *Home Rule*, ficaba enterrado na campa de Carlos Esteban Parnell.

## SUPERSTICEON

(CONTO D'A ALDEA)

**Pra Castelao, sen parolas  
buxans: pro de curazón.**

Vou contar certa hestórea, que fai moitos anos oubin referir n'unha d'esas longas esfoladas d'o millo, mentras sentados o redor d'o saíñento candil, mozas e mozos traballaban á retesía antre risas e tragos de viño novo.

Era o narrador un venerable vello de queixadas reutas, cobertas de grises patillas e de aspeuto nobre e simpáteco.

A sua vos cristaiña e sonora rubía na calma d'a noite resoando chea de dulce malencolía baixos arcos oscuros da solana.

—Era aínda eu moi mozo—diciá—cando n'ese muiño que vedes arroinado, vivía unha certa rapaza qu'en verdade non tiña moy boa sona. Cando foi ano da peste, marmuraban, que deixou morrer ô seu home sen precurarlle coidado algun. Fose pol'o que fose o caso e que ninguién lle miraba á cara y'os rapaces chamabanll'a bruxa e tiñan medo ó atoparse con ela n'algunha corredoira.

Certa noite, noite moura en que ventaba e chovía de todol'os demos, sintíronse no muiño uns xemidos afogados. O outro día a muller apareceu morta. E foi qu'o seu home que morrera, fora a yalma, com'a un can, andaba penando os pecados d'a carne n'as longas fileiras d'a compañía e viu a pur d'ela pra tirala d'este mundo.

Confeso que cando o bo labrego nos contaba esta cousa tan inxenua e sinxela sentín a escalofriadoira impreseón d'o páneco coma s'algo desprendido d'o mundo astral abrise de repente ó meu espírito ás rexións desconecidas de mortes e pantasma.

Luis Amado Carballo.

Pontevedra, MCMXX.

## Mentras o tempo voa...

Un ano mais.

A imaxen material do Loitador pérdese na lonxanía dos anos. Somentes coído lembrarme da sua cabeleira rebelde; da sua frente de Apostol.

Canto mais grande e a escuridade do tempo, o seu espírito, que é pra min faro luminoso, brila con mais forza.

I-a través do tempo e do espacio chegan a min, mais fortes e potentes as *verbis* santas, aloumiñadoras dos bós, feridoras dos *sin alma*.

E fáime mais rebelde.

Mais soberbio.

Mais Patriota.

Mais loitador.

Rezo a cotío a miña orazon pol-o Mestre...

Qu'é unha orazón de traballo e de loita pol-a redención da Terra.

As verbas desaparecen.

Os feitos son eternos.

Lin n'un xornal da Arxentina anunciando a chegada da viuda do Apostol.

«Viene la viuda del malogrado Porteiro... La traen hasta nosotros la ingratitud de los ex-amigos del esposo... hay una juventud entusiasta que no ha de regatear con toda seguridad su apoyo á poco que se le hable al corazón».

¡Menten! Os amigos de Porteiro son de antes, de agora, e de sempre.

Porteiro non ten ex-amigos.

O que ten son *nouveaux* amigos.

Cando viveu non quixeron ser os seus discípulos, porque a envexa, séquito obrigado do talento, rotalles as entranas, e moitos d'eles ceibarón sobor d'él a baba inmunda e fedente da sua impotencia.

¡Agora lóuban-o porque xa morreu!

Nas nosas fías ai Riscos, Castelaos, Cabanillas.

Mais non hay Carnegies, nin Rockefellers, nin siquera un Garra.

Hai cerebros.

Mais non hay almacés de coloniaes.

Traédeme a linterna de Dióxenes.

Quero atopar isa mocidade.

¿Será a que celebra con enchentes os nomes dos poetas nazonales?

¿Será a que non lee nin enxergue as suas obras?

Si existira esa mocidade...

¿Por qué non ven a nós?

¿Por cobardía? Non é mocidade a dos eunucos.

¿Por intereses materiaes? Non é mocidade a que ten secas as fontes da i-alma, e garda a sua concencia, aínda que seña misturada con papés dos Bancos, n'unha caixa de ferro.

Isa mocidade rica i-entusiasta ¿por qué condenó a desterro os fillos do Mestre?

¿Por qué non fai que señan educados na Terra como él o faría?

Cala, mocidade de sapos.

Teño un látigo pra ferir os mercaderes.

Segue redimindo a Patria, con enchéntes de lacón con grelos.

Mentras o tempo voa...

FRANCISCO ABELAIRA.

## Novos loureiros de Castelao

Noso querido irmán Castelao, enantes de saír para o extranxeiro onde vai pensionado c'o ouxeto de perfeccional-a sua técnica, fixo unha Exposición do seus derradeiros traballos pitóricos en Ourense.

A Exposición foi un novo trunfo para o xenial artista, orgullo e gloria da nosa Terra.

Castelao sempre terá de saír victorioso nas suas empresas d'arte, porque pinta co'a i-alma, e a sua i-alma é unha verdadeira síntese esquisita, com'un espello froito do sentimento, onde se refreñan as virtudes da Raza.

Ao lle dal-a nosa embora, dicímoslle adiós pondo o corazón n'esta verba de despedida.

## Novo trunfo do galeguismo.

### O caso do "Cristobalón"

Os nazonalistas da Cruña conquerimos un grande trunfo, que terá de ser exemprar, co'as rexas protestas que fixemos ó s'estrenar no teatro «Linares Rivas» da capital galega, o drama «Cristobalón».

Este drama, feito sin habilidá nen arte—e Deus lles conserve o bó gusto a aqués ridículos críticos cruñeses que atoparon cáseque xenial—non é mais que un argumento ofrecido por un galego que para colmo é senador a cantos teñen por bárbaros e incultos ós homes da nosa Terra, a fin de que poida empregarse pol-os aldraxadores dos galegos con verdadeira autoridade.

Mozos salvaxes de Cambre e de Oleiros, dos mesmos arredores da capital da Galizia, que na sua cobardía se non atreven, nin indo armados, a facerlle frente a un matoneño solo. Mozos, piores que os do Rif, que erguen as mocas contra d'unha vella i-unha neninha coxa. Mozos que coidan a cousa mais doada empreñal-as rapazas aldeás. E axuntando a isto unha cheia de creñcias en meigas, malas fadas, mal d'ollo, demachiños, etc.

Ser supersticiosos non nos deshonra. Mas cando se fai ver ós estraños que todos crémos en toda clás de supersticións, se lles ofrecen solo cadros de salvaxismo, ¿cómo non han ter dreito a remachal-o conceito de bestas en que nos poñen dende antigo?

E si «Cristobalón», como obra de arte foi rechazada na Habana i-en Madri, eiqui, sendo aldraxante para nosco de non sermos eunucos poderíamos deixal-a pasar sen protesta?

I-a protesta foi fecuada, verdadeira leición para todol-os parvos, mas tamen pr'ós autores que no adiante pensarán millor as cousas enantes de pórse a escribiren obras de «ambiente galego».

Ben haxa ós protestantes, benia eles, pois inda que sofriron o amarguexo da persecución e do aldraxe—foron detidos e levados á Inspección de Vixiancia, onde con patriótico orgullo dixeron que cantas veces se fixeran obras molestas para Galizia outras tantas procederían do mesmo xeito, sen medo a mágoas nen castigos—conqueriron o maor dos trunfos: o de ll'obrigar a Linares Rivas a chatar unha escena com'preta da sua obra, despois de se ter estrenado na Habana i-en Madri.

Asín, ademais, poñeron un novo loureiro sobre a capital da Galizia. A Cruña, gracias a eles, no adiante, ha ser tida inda mais por peneira cultural e patriótica aos ollos dos madrileños e dos outros povos da Terra.

Un povo bárbaro pintou Linares no «Cristobalón», e houbo algús probes inconscientes—non'os estraña dos asalariados—que aplaudiron aquilo qu'era abofé o mesmo que chamarse eles bárbaros a si propios.

Os señoritos que tomaron a defensa do «Cristobalón» á saída do teatro, despois da protesta dos galeguistas, constituyen a Galizia de Linares, de Lugín, da «Voz» de García Prieto e d'outros pol-o xeito.

¡Probe terra se agarda algo d'eles!

## CAL... E CANTO

Don Alfonso Cal, quixo saír deputado pol-o Ferrol.

Non poido sel-o rexionalista e ciscóuse no rexionalismo. Non poido sel-o maurista, e ciscóuse no maurismo. Agora pensaba sel-o con carácter datista i electricista.

Si esto non é arrivismo político, que veña Deus a velo.

Total: cal e canto. Así poderíase definir a ideioloxía do famoso candidato ferrolán, que sei que non atopa caciquis as organizacións liberaes do distrito e ten por modelo de cidadans ao segredario de Valdoviño.

Despois de lida a carta que o Sr. Cal publicou en «El Noroeste» ficamos parvos. Grentáronnos os autobombos que se da. E asombróunos que diga que sempre foi maurista.

Maurista sería—¡qué amigos ten Don Antonio!—pro na *Irmandade* da Cruña ben soubo defender a transcendencia da lingua galega, ante algús irmáns, citando unha anécdota que ll'ocurrira a él en París. E ben sabia xa d'aquela o Sr. Cal, que Maura é nemigo do emprego dos idiomas rexionaes.

## OS ANDALUCISTAS E IRLANDA

O Centro Andaluz, de Sevilla, dirixiu ó Comité autonomista de Irlanda o cablegrama seguinte:

«Admirados heroísmo vuestro alcalde de Cork, esperamos libertad Irlanda en plazo breve, pues tras la heroicidad está siempre la gloria. Representantes Irlanda española, saludan social-nacionalistas de Andalucía inglesa.

## PENEIRANDO

Luis Suárez G. Pumariega (¿hay quien dé mas?) presentou o Sr. Cierva no teatro cando iste dou a súa conferencia.

1-º Sr. Luis Suárez, etc, falou dos *fulgorez e destellos* dos ollos das cruñesas.

É non contento con isto fixo espallar pol-as ruas unha folla imprentada na que dicía: «La propaganda de La Cierva es la acción honrada, generosa, cruenta...»

¿As accións de La Cierva *crueñas!* Sr. Suárez ¿seique vosté é ferrerista? Ou senón, abofé se coñece o significado das palabras.

Tratando da rectificación da escena de «Cristobalón» que fixo Linares, despois da protesta da Cruña, escribiu «A Voz de Galicia»;

«Efecto de la protesta excesiva...»

¿Excesiva? O dicir *excesiva*, reconece aquel xornal implícitamente que «Cristobalón» merecía algunha protesta.

Dounos a razón por ignorar o senso das verbas i-a construción castelán, ele tan castelanista.

Noso distinto amigo D. Wenceslao Garra, ao persental-a súa candidatura pol-o seu povo natal, amocou a Raimundiño Riestra,

Fixolle total-o zoco para outro distrito, E Garra, eisi, vai selo primeiro deputado popular da nosa Terra,

O primeiro rico que sabe ter dignidade no terreo polt co, quizais porque sinte o galeguismo,

Nosos amigos da Xuventú de Defensa de Vilagarcía son merecentes da nosa embora,

No Ferrol tamén patearon o «Cristobalón»  
I-en Vigo recibírono con xeito fosco i-axubios,  
¿Inda hai patria, Picoete!



FOLLAS NOVAS

LIBROS E REVISTAS

### De Cataluña.

Según lémos no noso colega «El Día», catalán, J. M. López Picó publicou un libro chamado *El retorno*. Din qu'è un retorno aos temas de sempre, propios do insigne poeta. O ano derradeiro con *El meu pare i jo* tiña provado d'evair as sutilidades líricas. Agora volta aos epigramas incidentaes, aos madrigaes complicados, aos aspectos de cidade, e canta o Porto, a moza, a nube confidenta do vento, as gracias craras do mediterráneo.

Mas López Picó, n'este novo libro ofrece os *Voluptats*, poemas de tres versos que son un elemento diferente de todol-os anteriores da súa lira.

Falaremos mais longamente d'ele, asin que o podamos lere,

Entre as novas publicacións de «La Revista» de Barcelona, figura o libro *Poesies* de Joaquín Folguera. N'este libro dinnos que hai un «Cant del Silenci», poema modernísimo e persoal, libre d'alleas suxestións, qu'è o millor do soado poeta: con certo ar *d'avant garde*. Queremos coñecelo axiña.

### De Portugal.

Temos recibido o primeiro volume con cuadros literarios da historia medieval, peninsular e portuguesa, do grande escritor e historiador Herculano, que forma un novo tomo da notábel «Antoloxía Portuguesa»

Esta Antoloxía, da que xa falamos cando a nós chegaron os outros volumes, é percisa nas Bibliotecas de total-as persoas cultas da Galizia.

Os seus editores, Aillad e Bertrand son merecentes das maiores loubanzas.

Unha Antoloxía asin honora un povo. E poucos teñen unha literatura e mais unha historia tan gloriosa como o noso irmán Portugal.

Estes volumes de Herculano, igual que os anteriores han ter boa saída. Nós recomendámol-os ós nosos amigos.

O ilustre deputado da Nación portuguesa, noso distinto amigo Dr. Orlando Margal, a quen moito estimamos, anúncianos o envío do seu último libro de psicología, sociología e antropología criminal do que a crítica portuguesa fixo as meirandes gabanzas, sen dúbida xustisimas.

Agradecemoslle a fineza ó Sr. Margal e procuraremos, dar a coñecer entre os nosos amigos, todos devotos da admirabel cultura portuguesa qu'è nosa guía, o seu fondo traballo, prova moito erara i-elocuente do talento qu'ele psé.

### De Italia.

Traducido ó italiano por Enrico Cardile, publicouse o libro de versos «Vahakn», do gran le poeta armenio, que xa coñecen os nosos leutores, Hrand Nazariantz,

Este poeta canta c'unha voz desespeada as desfeitas sanguíñentas os asobalamentos terribéis que abafan a súa terra. Vahn, é a deusa vengadora, vontade dinámica, violencia, qu'elle invoca.

Símbolo insondabel do estandarte roxo, supremo evocador da patria malfadada, da miña patria gran victima do seu mesmo coraxe, coroada de gloria, chea de bretemas macabras.

O libro de Nazariantz deita a melancolía i a forza do home que sinte todol-os dóres do seu povo, E'unha epopeia tráxica con recendo de martirio,

«¡Terra querida, espera!» Así berra ó poeta armenio.

Camisería, Corbatería  
e Guantería

**Enrique Roca**

Real, 28. - A CRUÑA

**NOVELTY**  
PLANCHADEIRO DE MODA  
**GRANDES TALLERES**  
DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrais—A Cruña, Cantón Pequeno, 12; Vigo  
Praza da Constitución, 12.  
Sucursas na Cruña.—Estreita de San Andrés, 12; Praza do  
Azcárraga, 4; San Agustín, 22.  
Sucursal en Vigo.—Circunúm. 5.

Todal-as nosas sucursas ostentan un letreiro como sinal, qu'ó  
reproduz da marca de garantía elqui estampada.

Recíbense encárgos de fora, y-espídense por melo das nosas  
sucursas. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sírvase  
manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encárgos.

Os viños e coñas millores

son os qu'eiporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xeres Fron-  
teira, fundada en 1734. A casa mais antiga de Xerez.

O vermouth mais selecto

de mundial e reconecida sosa é o ZINZANO (Torino).

Pra viños de mesa

non hay outros com'ós dos cosecheiros eiportadores señores  
H. LOPEZ DE HEREDIA (Haro) Casa central: Plaza de Equi-  
tativa.—MADRID.

Representante eiclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

**JOSE C. JUNCOSA**

Galera, 39 e 41-2.º piso.—A Cruña

**PAULINO FREIRE**

BOUZAS — VIGO

SUCURSAES: E CRUÑA - FRROL

Redes d'algodón pra Tarrafa.

Aparellos, armados e en panos, pra barcos  
pesqueiros.

Malletas de abacá e cañamo alquitranado.

Cables de aceiro ingleses.

Aceites mineraes e vexetaes, e surtido com-  
preto pra maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 28. — A CRUÑA

“PATENTE-SALVAVIDAS”

O millor pra pintar os fondos  
dos barcos. Ganou Diploma de  
H'onore, Gran premio e medalla  
a louro nas Exposicións de Paris-  
Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

Vigo - Cruña.

**O CAFE NOVO**

Urzáiz II.—BAYONA.

**Materiales de construcion**

CEMENTO ASLAND

MADEIRAS—CARBÓN

CENTRO XENERAL DE SEGUROS

**Ignacio Pedregal**

NA CRUÑA

**LA MODERNISTA**

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —

**RAMOS E ACEA**

San Andrés, 94-1.º — A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de  
estufa de desinfección e todol-os aparatos  
higienicos. Especialidade en lavados de cabeza  
locíos e friciós de todas clases.

NOTA: N'este estabrecimento atopara o pú-  
brico un servico permanente a cárgo des  
seus propietarios, antigos dependentes das  
mais importantes peluquerías desta capital.



# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE  
SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA  
PRÓISIMAS SAIDAS PRA HABANA E VERACRUZ

Prezos do pasaxe (incruidol-os impostos)

	Habana	Veracruz
Ponte de paseco:		
Camarotes de luxo. . . . .	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. exteriores. . . . .	> 1.668'75	1.753'45
Ponte superior:		
Camarotes exteriores. . . . .	> 1.498'75	1.593'75
Id. interiores. . . . .	> 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior. . . . .	> 1.295'75	1.378'75
Segunda crase. . . . .	> 1.103'75	1.088'75
Preferencia . . . . .	> 808'60	798'60
TERCEIRA CRAS. . . . .	> 328'60	343'60

O día fixo de saída anunciarase oportunamente.

O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Pra toda clas d'informes sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consiguatario.

D. NICANDRO FARIÑ —Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo.



# Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, SANTOS, MONTEVIDEO e BOS AIRES, sairán directamente d'este porto os vapores de dobre hélice e 10.000 toneladas

**OUESSANT, o 3 de Nadal; BELLE-ISLE o 25 de id.**

Prezo do billete en terceira cras 537,10

Admiten pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª económica y 3.ª clase.

Neno de menores de 2 anos un gratis por familia; de 2 a 5 anos coarto pasaxe, de 5 a 10 anos medio pasaxe; maiores de 10 años pasaxe enteiro.

NOTAS INTERESANTES.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas pol-os seus maridos, non poden embarcaren pra Buenos Aires si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES, permitíndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARGENTINA Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autorización, nin poderes ante os Consules hispañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presenten o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da súa familia.

O día da saída anunciarase con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Axentes Xeneraes en Hespaña.

ANTONIO CONDE (Fillos).—Praza d'Ourense, 2.—A CRUÑA.



# COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saída do porto da Cruña para Bahía, Río de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

O día 29 de Outono saíra da Cruña o paquete correo

## GAROMNA

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

	Pernambuco	Bahía	Río Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase . . . . .	Ptas. 1.215'90		1.506'90	1.555'40	1.700'90	1.749'40
En segunda crase . . . . .	> 894'95		967'70	991'95	1.064'70	1.113'25
En segunda intermedia . . . . .	> 690'60		690'60	690'60	690'60	690'60

Prezo do pasaxe en 3.ª crase a Brasil, Montevideo y Bos-Aires, (incruidos impostos) **Pesetas 422'10**

Para máis informes dirixirse aos seus consinatarios:

ANTONIO CONDE (Fillos)—Praza d'Ourense, 2.—A CRUÑA.